#### **PREGUNTAS**

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS XESTION FORESTAL (15-TM-XF-ET) (2L+1D)

Perfil: Enxeñería Técnica Forestal ou equivalente (MECES 2).

#### 1) ¿Cal dos seguintes NON é un elemento da estrutura da organización da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) As Xefaturas Territoriais, con rango de direccións xerais, dependentes de cada consellería por razón da materia.
- b) As vicesecretarias xerais, con rango de subdirección xeral, dependentes das secretarías xerais técnicas.
- c) As secretarías territoriais, con nivel orgánico de subdirección xeral.
- d) Os servizos e unidades administrativas de menor nivel.
- 2) En relación ao cómputo de prazos regulado polo artigo 30 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, indicar cal das seguintes respostas é INCORRECTA:
- a) Se o prazo se fixa en meses ou anos, estes se computarán a partires do día seguinte ao que teña lugar a notificación ou publicación do acto e concluirá o mesmo día do mes ou ano de vencemento.
- b) Si o prazo se fixa en días, contaranse a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto ou no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.
- c) Se o prazo se fixa en horas, contaranse de hora en hora e de minuto en minuto dende o momento en que teña lugar a notificación ou publicación do acto, sen que poda superarse o prazo de vinte catro horas, en que terán que se expresar en días.
- d) Se o prazo se fixa en días, considerase sempre que se trate de días naturais, excluíndose do cómputo os sábados e domingos.

#### 3. ¿En cal dos seguintes casos os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito?:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os que sexan constitutivos de infraccións administrativas.
- c) Os que aínda sendo contrarios ao ordenamento xurídico, producen efectos positivos esenciais para o administrado.
- d) Os que se diten ao amparo do procedemento legalmente establecido.
- 4. A iniciación dun procedemento a solicitude do interesado, regulada no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que ditas solicitudes deberán conter:
- a) Nome e apelidos do interesado e/ou representante.
- b) Lugar, data e sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- c) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- d) Todas as respostas son correctas.
- 5. Indicar cal das seguintes causas NON SUPOÑEN a finalización do procedemento administrativo:
- a) A imposición da sanción que proceda nos procedementos sancionadores.
- b) O desestimento ou a renuncia.
- c) A imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevidas.
- d) A resolución

- 6) O diagrama de Pert (Program Evaluation and Review Technique) permite facer unha representación gráfica das tarefas dun proxecto. Indique cal das seguintes respostas é correcta:
- a) O diagrama de Pert posibilita a creación dunha folla de ruta das actividades dun proxecto, establecendo as interdependencias e conexións entre unhas e outras.
- b) No diagrama de Pert se poden expresar os distintos fluxos de actividade dun proxecto, o que permite analizar e xestionar o progreso de cada unha delas.
- c) Este diagrama permite: identificar as tarefas dun proxecto, definir as dependencias entre elas, vinculalas entre si, establecer un cronograma e xestionar o progreso das mesmas.
- d) Todas as respostas son correctas
- 7) Respecto dos contratos de obra regulados nos artigos 231 e seguintes da *Lei 9/2017, do 8* de novembro, de Contratos do Sector Público, indique cal das seguintes respostas é correcta:
- a) O contratista presentará o proxecto de obra ao órgano de contratación para a súa supervisión, aprobación e replanteo.
- b) Cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, os órganos de contratación deberán solicitar informe preceptivo das oficinas ou unidades de supervisión de proxectos.
- c) Aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o replanteo previo do mesmo, comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución.
- d) Todas as respostas son correctas
- 8) ¿Cal das seguintes accións é a última en executarse nos contratos de obras que precisen formalización?:
- a) A adxudicación conxunta do proxecto de obra e da obra en se mesma.
- b) A sinatura da Acta de Replanteo Previo.
- c) A supervisión do proxecto nos casos en que resulte preceptiva.
- d) A resolución do expediente de contratación da obra por parte do órgano de contratación

- 9) Segundo o artigo 40 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, son causas de anulabilidade de dereito administrativo:
- a) O incumprimento das normas establecidas para a adxudicación dos contratos baseados nun Acordo Marco celebrado con varios empresarios ou dos contratos específicos baseados nun sistema dinámico de adquisición no que estivesen admitidos varios empresarios, sempre que o dito incumprimento determinase a adxudicación do contrato de que se trate a outro licitador.
- b) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, , do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou as normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencias.
- c) Leva a efecto a formalización do contrato, nos casos en que se interpuxese o recurso especial en materia de contratación a que se refiren os artigos 44 e seguintes, sen respectar a suspensión automática do acto impugnado no casos en que fose procedente, ou a medida cautelar de suspensión acordada polo órgano competente para coñecer do recurso especial en materia de contratación que se interpuxese.
- d) Todas aquelas disposicións, resolución, cláusulas ou actos emanados de calquera poder adxudicador que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que contratasen previamente con calquera Administración.
- 10) Nos termos do artigo 36.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos baseados nun Acordo Marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, perfecciónanse:
- a) Coa súa formalización
- b) Coa súa adxudicación
- c) Coa súa publicación
- d) Ningunha das alternativas é certa.

- 11) Indique a resposta NON CORRECTA. Segundo o artigo 62 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, relativo ó responsable do contrato:
- a) Poderá ser unha persoa física ou xurídica
- b) Deberá estar vinculado coa entidade contratante.
- c) Nos contratos de obra, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo.
- d) Nos casos de concesións de obra pública e de concesión de servizos, a Administración designará unha persoa que actúe en defensa do interese xeral, para obter e verificar o cumprimento das obrigas do concesionario, especialmente no que se refire á calidade da prestación de servizo ou obra.
- 12) Segundo o artigo 254 da *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,* no contrato de concesión de obras, no caso de que a concorrencia de forza maior impedise por completo a realización das obras:
- a) Procederase a resolver o contrato
- b) O órgano de contratación deberalle aboar áo concesionario o importe total das obras executadas.
- c) O órgano de contratación deberalle aboar áo concesionario os maiores custes en que incorrese como consecuencia do endebedamento con terceiros.
- d) Todas as anteriores son correctas.

#### 13) Segundo o art. 2 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia* NON TEÑEN a consideración de monte ou terreo forestal:

- a) As construcións e as infraestruturas destinadas a servizo do monte en que se localizan, así como os equipamentos e as infraestruturas de uso sociorrecreativo.
- b) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.
- c) Os terreos ermos, os rochedos e os areais.
- d) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima de 3 hectáreas, a non ser que se compoñan os ditos enclaves de masas de especies forestais de frondosas do anexo 1 cunha idade media de polo menos dez anos, diminuíndose, para estes casos, a dita superficie mínima ata 0,5 hectáreas.

### 14) Segundo o art. 115 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, a declaración de unha praga ou enfermidade forestal:

- a) É competencia da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, e implica a redacción de Plans de Continxencia de obrigado cumprimento.
- b) Terá carácter de interese público, e implica a obrigatoriedade do seu tratamento polos titulares ou polos xestores dos montes afectados.
- c) Unha vez declarada praga ou enfermidade forestal, correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a redacción dos Plans de Continxencia, e a Consellería do Medio Rural a súa execución.
- d) Non existe a posibilidade de declarar a existencia de praga ou enfermidade forestal na redacción actual da Lei de Montes de Galicia.
- 15) Segundo o art 30 do texto consolidado da *Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común*, a cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación non poderá superar:
- a) 50 anos
- b) 20 anos.
- c) 10 anos revisables ata un máximo de 50 anos.
- d) A quenda da especie principal.

16) Segundo o artigo 22 da <i>Lei 13/1989 de montes veciñais en man común en Galicia</i> , a comunidade propietaria poderá acordar usos gandeiros ou agrícolas, con a proveitamento individual mediante a distribución entre os comuneiros de lotes ou parcelas cedidos temporalmente por períodos:
a) Non superiores a 10 anos
b) Non superiores a 11 anos
c) Non superiores a 30 anos
d) En ningún caso poderá acordar usos non forestais.
17) Nos 30 primeiros metros das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, segundo o artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa disposición adicional terceira, NON pode haber presencia das seguintes especies. Cal das seguintes respostas é a correcta:
a) Pinus nigra, Pseudotsuga menziesii e Genista spp
b) Eucalyptus spp, Quercus suber e Quercus ilex
c) Rubus spp, Pteridium aquilinum e Cytisus spp
d) Cistus spp, Rubus spp e Robinia pseudoacacia
18 O número de Eixos no que se articula a <i>Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia</i> 2021-2040 "Cara a neutralidade carbónica", son:
a) 3
b) 5
c) 6
d) 8

- 19) Segundo o *Decreto* 140/2021, do 30 de setembro, por o que se aproba a primeira revisión do *Plan Forestal de Galicia* 2021-2040 "Cara a neutralidade carbónica", a necesidade dun Inventario Forestal Continuo de Galicia parte, entre outras causas, de:
- a) Os largos prazos de obtención de datos do Inventario Forestal Nacional (IFN), e a dificultade de interpretar os seus datos
- b) A competencia exclusiva que outorga o estatuto de autonomía de Galicia respecto aos montes.
- c) Que o Inventario Forestal Nacional (IFN), non segrega as superficies de determinadas especies como *Eucaliptus globulus* ou *Eucaliptus nitens*.
- d) O interese de desenvolver novos sistemas de inventario forestal de grandes superficies.
- 20 ) Segundo o Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara a neutralidade carbónica", a elaboración dun Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña figura como iniciativas e programas/liñas de actuación :
- a) En ningún eixo dos contidos na 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 figura a elaboración do dito programa.
- b) No Eixo III XESTIÓN FORESTAL E LOITA CONTRA O ABANDONO DO MONTE da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040.
- c) No Eixo IV RECURSOS FORESTAIS E CADEA MONTE INDUSTRIA da primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, e cumpriuse coa publicación do mesmo no ano 2022.
- d) No Eixo IV RECURSOS FORESTAIS E CADEA MONTE INDUSTRIA da primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, e aínda está en proceso de redacción, e debe de cumprise antes do ano 2025.
- 21) No Inventario Forestal continuo de Galicia (IFCG) se unha árbore está bifurcada por debaixo de 1,30 m, para medir a altura normal:
- a) O punto de orixe para medir a altura normal é o punto do chan máis próximo ao sistema radical, e mais alto no sentido da pendente.
- b) O punto de orixe para medir a altura normal é o punto do chan máis próximo ao sistema radical, e mais baixo no sentido da pendente.
- c) Marcarase a altura normal en cada un dos fustes. A efecto de inventario considéranse dúas árbores.
- d) A altura normal medírase dende o lado cara a onde esté inclinada a árbore.

- 22) ¿Cal é a competencia do órgano forestal segundo o artigo 15.1 do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia?
- a) A aprobación de proxectos de construción.
- b) A aprobación dos proxectos de ordenación e documentos simples ou compartidos de xestión forestal.
- c) A elaboración de informes medioambientais.
- d) A xestión de recursos hídricos.
- 23) Segundo o artigo 15.1 do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia ¿Que ocorre cando transcorren tres meses dende que o órgano forestal requiriu os informes dos organismos sectoriais dependentes da Administración autonómica de Galicia cuxas competencias poidan resultar afectadas pola aprobación do citado instrumento.?
- a) Os informes considéranse desfavorables.
- b) Os informes considéranse favorables.
- c) Se suspende os prazos establecidos no procedemento de aprobación.
- d) Requírense de novo os informes, e no caso de transcorrer outros tres meses considéranse favorables.
- 24) Segundo o artigo 19 do *DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia* ¿que condición debe cumprirse para optar a beneficios fiscais relacionados con predios forestais?.
- a) Presentar unha declaración de ingresos.
- b) Dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal aprobado e vixente.
- c) Ser propietario de más de un predio forestal.
- d) Realizar algún tipo de aproveitamento forestal, nunha superficie menor dunha hectárea.

## 25) ¿Que é un documento compartido de xestión forestal, segundo o artigo 4c do *DECRETO* 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia?

- a) Un plan de xestión forestal elaborado por un grupo de propietarios, e na que a súa superficie total non supera as 25 has.
- b) Un documento sinxelo que regula a xestión forestal dun propietario.
- c) Un instrumento de xestión forestal para un grupo de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas.
- d) Un documento que inclúe modelos silvícolas para a xestión de grandes extensións forestais.

## 26 ¿Que son as cortas extraordinarias segundo o artigo 4b do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia?.

- a) Cortas planificadas nun instrumento de xestión forestal.
- b) Cortas autorizadas polo órgano forestal.
- c) Cortas que non están previstas no instrumento de xestión forestal e poden ser causadas por diversos factores como danos catastróficos ou variacións no volume aproveitado, e que non teñan unha significación tal que obrigue a modificación do plan xeral do instrumento.
- d) Cortas que non están previstas no instrumento de xestión forestal e que poden ser causadas por diversos factores como danos catastróficos ou variacións no volume aproveitado, e que teñan unha significación tal que obrigue a modificación do plan xeral do instrumento.

#### 27) ¿Cal das seguintes afirmacións describe correctamente un aspecto importante dos sistemas de certificación forestal?.

- a) Os sistemas de certificación forestal son exclusivamente aplicables a bosques naturais e non a plantacións forestais.
- b) Os sistemas de certificación forestal son voluntarios e poden ser utilizados por propietarios forestais, empresas madeireiras e consumidores para asegurar que os produtos forestais proveñen de fontes sostibles.
- c) Os sistemas de certificación forestal son xestionados unicamente por organizacións gobernamentais a nivel nacional.
- d) Os sistemas de certificación forestal céntranse principalmente en maximizar a produción forestal sen ter en conta consideracións ambientais ou sociais.

- 28) ¿Quen é, en todos os casos, o propietario dos recursos forestais producidos no seu monte segundo o disposto no artigo 84 da Lei 7/2012?.
- a) A persoa que xestiona os recursos forestais.
- b) O titular dun monte ou terreo forestal.
- c) A persoa que ten a superficie en arrendamento.
- d) A persoa que actúa como xestora do monte.
- 29) ¿Que tipos de aproveitamentos poden realizar as persoas titulares de montes ou terreos forestais segundo o DECRETO 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia?.
- a) Só aproveitamentos de cortizas.
- b) Aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortizas, de resinas e micolóxicos.
- c) Só aproveitamentos madeireiros e leñosos.
- d) Aproveitamentos de resinas e micolóxicos, exclusivamente.
- 30) Segundo o *Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución*, unha mouteira, en canto a súa categoría, pode ser:
- a) Identificado, seleccionado e cualificado.
- b) Identificado e seleccionado.
- c) Unha mouteira so pode ser seleccionada.
- d) Identificada, seleccionada e controlada
- 31 ) Segundo o *Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución*, os materiais forestais de reprodución controlados poden ser:
- a) Hortos de sementes, clons, mestura de clons.
- b) Clons, mestura de clons, mouteiras e hortos de sementes.
- c) Mouteiras, hortos de sementes, clons, mestura de clons e proxenitores de familias.
- d) Tansó os hortos de sementes poden ser materiais controlados.

- 32) Segundo o Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución, a autorización dos materiais de base para a produción de materiais forestais de reprodución identificados, seleccionado, cualificados e controlados é competencia de:
- a) A Dirección General de Medio Natural y Política Forestal (MITECO), que comunicará a comunidade autónoma correspondente a súa decisión.
- b) Ao órgano con competencias no mantemento do Registro Nacional de Productores de Semillas y Plantas de Vivero de cada comunidade autónoma.
- c) Ao órgano correspondente de cada comunidade autónoma, que comunicará os materiais de base autorizados á Dirección General de Medio Natural y Política Forestal (MITECO)
- d) Ao Comité Nacional de Mejora Genética Forestal.
- 33) Segundo o DECRETO 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, os materiais de base poden ser:
- a) Fonte de semente, mouteira e hortos de semente.
- b) Fonte de semente, mouteira, horto de semente, proxenitor de familia, estaca, clon e mestura de clons.
- c) Fonte de semente, mouteira, horto de semente, proxenitor de familia, clon e mestura de clons.
- d) Fonte de semente, mouteira, horto de semente, proxenitor de familia, e clon.

#### 34) Respecto ao Rexistro de campos de plantas nai de Galicia, sinalar a resposta correcta:

- a) Non existe tal rexistro na lexislación vixente.
- b) O crea o DECRETO 220/2007, do 15 de novembro, polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución, pero pola súa dificultade non se puxo en marcha.
- c) Rexistrase nel, todos aquelas persoas provedoras que producen planta forestal en Galicia, entendendo como tal a aquela que se utilice en silvicultura.
- d) E un rexistro administrativo no que se inscriben os campo de plantas nai para a produción de material forestal de reprodución a partir dun material de base do tipo clon, mestura de clons ou semente das categorías seleccionadas, cualificada e controlada

- 35) ¿Cal destes piñeiros NON está contemplado no Anexo I do Real Decreto 289/2003, de 7 de marzo, sobre comercialización dos materiais forestais de reprodución?
- a) Pinus radiata
- b) Pinus pinaster
- c) Pinus taeda
- d) Pinus canariensis
- 36).- O certificado patrón se emitirá por persoal designado pola Dirección Xeral con competencias en materia forestal (sinalar a opción correcta):
- a) Na recolleita de materiais forestais de reprodución procedentes dun material de base admitido, na mestura de lotes de materiais forestais de reprodución e na obtención de material de reprodución para propagación vexetativa ulterior.
- b) Tan só se emite no momento da recolleita de materiais forestais de reprodución procedentes dun material de base admitido.
- c) Tan só se emite no momento da mestura de lotes de materiais forestais de reprodución.
- d) Tan só se emite no momento da obtención de material de reprodución para propagación vexetativa ulterior.
- 37) Segundo o Real Decreto 159/2022, de 1 de marzo, sobre conservación dos recursos xenéticos forestais e da flora silvestre e polo que se modifica o Real Decreto 1424/2008, de 14 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos á mesma, e o Real Decreto 1269/2018, de 11 de outubro, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consejo Forestal Nacional, as unidades de conservación in-situ (sinalar a opción correcta):
- a) Se replican en todo caso en bancos de xermoplasma.
- b) O número de individuos reprodutores presentes no núcleo de conservación ten que garantir a adecuada conservación dinámica da diversidade xenética a longo prazo.
- c) Terá en todo caso un número mínimo de 1.000 individuos para garantir a polinización cruzada dos seus compoñentes.
- d) Non existe esta figura na lexislación aplicable.

- 38) Unha empresa de desenvolvemento de materiais forestais de reprodución, pretende seleccionar individuos de *Pinus radiata* resistentes á doenza das bandas dos piñeiros no territorio de Galicia. ¿Ante que organismo debe solicitar o acceso ao recurso xenético?
- a) A Dirección de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.
- b) A Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- c) Á Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico.
- d) Á Subsecretaría de Agricultura, Pesca y Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- 39) Tal e como se deduce das Publicacións Electrónicas Periódicas, Avisos de Sanidade Forestal da Consellería do Medio Rural, as principais accións directas executada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal en materia de doenzas forestais provocadas por fungos do castiñeiro desde o ano 2020 ata o de ago ra son:
- a) A loita biolóxica contra a avispilla do castiñeiro ( *Dryocosmus kuriphilus* ), o cancro ( *Cryphonectria parasitica* ), e o control do fungo *Gnomoniopsis smithogilvyi*.
- b) Avaliacións periódicas das parcelas de castiñeiros da Rede de Avisos de Sanidade, toma de mostras para a localización de novas cepas hipovirulentas para potenciar o control do cancro ( *Cryphonectria parasitica* ), inoculacións de cepas hipovirulentas xa coñecidas, ensaios de novos métodos de loita contra o cancro, localización de danos causados por *Gnomoniopsis smithogilvyi*.
- c) Avaliacións periódicas das parcelas de castiñeiros da Rede de Avisos de Sanidade, toma de mostras para a localización de novas cepas hipovirulentas para potenciar o control do cancro ( *Cryphonectria parasitica* ), inoculacións de cepas hipovirulentas xa coñecidas, ensaios de novos métodos de loita contra o cancro, localización de danos causados por *Gnomoniopsis smithogilvyi*, e colocación de gaiolas de feromonas para trazar as curvas de voo dos principais axentes carpófagos.
- d) A única actuación avaliable son as inoculación de cepas hipovirulentas contra o cancro do castiñeiro.( *Cryphonectria parasitica* )

40) Segundo os sucesivos Plans de Actuacións para o control do	Dryocosmus kuriphilus
publicados na páxina web da Consellería do Medio Rural, nas actuació	ns de control biolóxico
do <i>Dryocosmus kuriphilus</i> a avaliación da parasitación obtida realizase	e mediante a toma de
mostras de bugallas en puntos onde realizáronse soltas do parasitoide	e Torymus sinensis. ¿
cal é o número de puntos de toma de mostras de bugallas?.	

- a) 580
- b) 1.200
- c) 1.500
- d) 320
- 41) Segundo os sucesivos Plans de Actuacións para o control do *Dryocosmus kuriphilus* publicados como Aviso Fitosanitario na páxina web da Consellería do Medio Rural, a colocación de "mangas de solta" consiste en:
- a) Nunhas mangas de tela moi fina nas que se realiza unha solta de *Torymus sinensis*, co fin de asegurar a parasitación das bugallas existentes no seu interior.
- b) Soltas reiteradas de *Torymus sinensis* realizadas nas parcelas experimentais de Folgoso do Caurel, co fin de concentrar as soltas e avaliar o método mais eficaz de control.
- c) O número total de Torimus sinensis liberados nunha xornada de traballo por un operario.
- d) As zonas nas que non se acadaron porcentaxes de parasitación eficaces.
- 42) Segundo os sucesivos Plans de Actuacións para o control do *Dryocosmus kuriphilus* publicados na páxina web da Consellería do Medio Rural, o territorio de Galicia dividius e en cuadrículas de 16x16 km, ¿con que finalidade?
- a) Calcular o número mínimo de operarios necesarios para realizar as soltas do parasito *Torymus sinensis*, e establecer os orzamentos necesarios.
- b) Distribuír o número de caixas en función da porcentaxe de superficie ocupada por castiñeiro en cada unha das cuadrículas, tendo en conta que en todas as cuadrículas sóltanse un mínimo de cinco caixas (210 Individuos cada caixa).
- c) Distribuír o número de caixas en función da porcentaxe de superficie ocupada por castiñeiro en cada unha das cuadrículas, tendo en conta que en todas as cuadrículas sóltanse un mínimo de unha caixa (210 Individuos cada caixa).
- d) O concello sempre foi a unidade superficial básica tanto na planificación dos traballos como no número de *Torymus sinensis* a soltar.

#### 43) Coa aplicación Q-gis, a ferramenta "unir capas vectoriais" permítenos:

- a) Unir unicamente dúas capas vectoriais co mesmo tipo de xeometría
- b) Unir múltiples capas vectoriais con distinto tipo de xeometría
- c) Unir múltiples capas vectoriais co mesmo tipo de xeometría
- d) Unir unicamente dúas capas vectoriais, aínda que non teñan o mesmo tipo de xeometría

#### 44) Na ferramenta PRESTO, a variable "DecCantRend" indícanos:

- a) Redondeo de cantidades de conceptos inferiores a capítulos
- b) Redondeo xeral de prezos
- c) Redondeo de prezos de conceptos básicos
- d) Ningunhas das respostas anteriores é correcta.

#### 45. ¿Que risco indica a seguinte simboloxía, en materia de prevención de riscos laborais?:



- a) Risco/perigo de caída de obxectos.
- b) Risco/perigo de suelo esvaradío.
- c) Risco/perigo de caída ao mesmo nivel.
- d) Risco/perigo de caída a distinto nivel.

46. A clasificación das funcións da actividade preventiva ven establecida nos artigos 34 e seguintes del *R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención*. A vixilancia e control da saúde dos traballadores desempeñada polo persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditadas e considera:

- a) Unha función de nivel básico.
- b) Unha función de nivel intermedio
- c) Unha función de nivel superior.
- d) Unha función que corresponde ao Servicio Autonómico/Nacional de Saúde.

#### 47. Cal das seguintes NON é competencia dos Delegados de Prevención, segundo o previsto no artigo 36 da *Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais:*

- a) Sinalar á dirección da empresa cales son as mellores accións preventivas a levar a cabo dentro da planificación de actividades propias da mesma.
- b) Ser consultados polos empresarios acerca das decisións relativas á planificación, organización do traballo e actividades, introdución de novas tecnoloxías e outras cuestións que podan ter incidencia na seguridade e saúde dos traballadores.
- c) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- d) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

## 48) Segundo o artigo 2 do *R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención,* ¿cal dos seguintes é un elemento do Plan de Prevención de Riscos Laborais?:

- a) A identificación da empresa, actividade produtiva, número e características dos centros de traballo e dos traballadores con relevancia na prevención de riscos laborais.
- b) A organización da produción en canto á identificación dos distintos procesos, técnicas e as prácticas e os procedementos organizativos existentes na empresa, en relación coa prevención de riscos laborais.
- c) A organización da prevención na empresa, indicando a modalidade preventiva elixida e os órganos de representación existentes.
- d) Todas as respostas son correctas.

#### 49) No Inventario Forestal Continuo de Galicia, se a árbore está viva avaliarase a curvatura do seu fuste. Sinalar a resposta correcta:

- a) Usarase a mesma clasificación que a definida pola FORESTRY COMISSION, para clasificar a curvatura do fuste. Asignarase a cada árbore un valor de 1 a 5.
- b) Usarase a mesma clasificación que a definida pola FORESTRY COMISSION, para clasificar a curvatura do fuste. Asignarase a cada árbore un valor de 1 a 4
- c) En ningún caso, se avaliará a curvatura.
- d) Usarase a mesma clasificación que a definida pola FORESTRY COMISSION, para clasificar a curvatura do fuste. Asignarase a cada árbore un valor de 1 a 6.

#### 50) ¿Como define a *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais*, o termo risco laboral?

- a) Conxunto de actividades ou medidas adoitadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo
- b) Posibilidade de que un traballador/a sufra un determinado dano derivado do traballo.
- c) Enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- d) Risco que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poda supor un dano grave para a saúde dos traballadores.

#### **RESERVA:**

- 1) Segundo o Real Decreto 159/2022, de 1 de marzo, sobre conservación dos recursos xenéticos forestais e da flora silvestre e polo que se modifica o Real Decreto 1424/2008, de 14 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos á mesma, o Banco de Xermoplasma Forestal e da Flora silvestre en Rede (sinalar a opción correcta):
- a) A lexislación estatal tan so regula o Banco Nacional de Xermoplasma Forestal e da Flora Silvestre, que se sitúa na Rede de Centros Nacionais de Recursos Xenéticos Forestais do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*.
- b) É unha ferramenta de coordinación e cooperación a nivel estatal entre conservadores, xestores, investigadores e usuarios de los recursos xenéticos forestais e da flora silvestre.
- c) É unha ferramenta financeira coa que empresas interesadas financian accións de xenética forestal, como pode ser o desenvolvemento de clóns de *Eucaliptus globulus* con tolerancia a xeadas.
- d) É unha ferramenta de conservación dos materiais forestais de reprodución das categorías cualificado e controlado desenvolvido en todo o estado.
- 2) Segundo o artigo 6 do *Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia*, ¿cales son as categorías definidas como instrumentos de ordenación e xestión forestal para os montes ou terreos forestais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia?.
- a) Proxecto de Ordenación (PO) e Documento Simple de Xestión (DSX)
- b) Proxecto de Ordenación (PO), Documento Simple de Xestión (DSX), Documento Compartido de Xestión (DCX), Documento de Adhesión Expresa a Referentes de Boas Prácticas e Modelos Silvícolas (MS)
- c) Proxecto de Ordenación (PO), Documento de Adhesión Expresa a Referentes de Boas Prácticas e Modelos Silvícolas (MS)
- d) Calquera que conteña as especificacións mínimas de planificación que define o propio Decreto 52/2014.

- 3) ¿Cal é a natureza dos instrumentos mencionados no artículo 6 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia?
- a) Teñen natureza xurídica
- b) Son documentos administrativos
- c) Teñen natureza de ordenación e xestión forestal a unha escala operativa.
- d) Teñen natureza final de carácter económico.
- 4.- ¿Cal é a función do coordinador do documento compartido de xestión forestal segundo el artigo 4.a do DECRETO 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.?
- a) Realizar o inventario forestal, e deseñar os traballos futuros especificados no plan.
- b) Coordinar a plantación de árbores.
- c) Ser responsable da tramitación administrativa do documento compartido de xestión forestal.
- d) Supervisar as cortas forestais.
- 5.- ¿Que é un documento simple de xestión forestal segundo el artículo 4.e do *DECRETO* 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.?
- a) Un plan de xestión forestal detallado para grandes propiedades.
- b) Un documento que non require autorización do órgano forestal.
- c) Un instrumento de xestión forestal para unha mesma propiedade, sen que ningún couto redondo supere as 25 hectáreas.
- d) Un plan que inclúe unicamente cortas de árbores en períodos de tempo limitados, co fin de conseguir as autorizacións administrativas necesarias e asegurar a xestión sostible do predio..

#### **PREGUNTAS**

PUESTOS: TÉCNICOS MEDIOS XESTION FORESTAL (15-TM-XF-ET) (2L+1D)

Perfil: Ingeniería Técnica Forestal o equivalente (MECES 2).

### 1) ¿Cuál de los siguientes NO es un elemento de la estructura de la organización de la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia?.

- a) Las Xefaturas Territoriais, con rango de direcciones generales, dependientes de cada consellería por razón de la materia.
- b) Las Vicesecretarias Xerais, con rango de subdirección general, dependientes de las secretarías generales técnicas.
- c) Las Secretarías Territoriais, con nivel orgánico de subdirección general.
- d) Los servicios y unidades administrativas de menor nivel.
- 2) En relación al cómputo de plazos regulado por el artículo 30 de la *Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, indicar cual de las siguientes respuestas es INCORRECTA:
- a) Si el plazo se fija en meses o años, estos se computarán a partir del día siguiente al que tenga lugar a notificación o publicación del acto y concluirá el mismo día del mes o año de vencimiento.
- b) Sí el plazo se fija en días, se contarán a partir del día siguiente a aquel en el que tenga lugar la notificación o publicación del acto o en el que se produzca la estimación o desestimación por silencio administrativo.
- c) Si el plazo se fija en horas, se contarán de hora en hora y de minuto en minuto desde el momento en que tenga lugar La notificación o publicación del acto, sin que pueda superarse el plazo de veinte cuatro horas, en que tendrán que expresar en días.
- d) Si el plazo se fija en días, se considerará siempre que se trate de días naturales, excluyéndose del cómputo los sábados y domingos.

### 3. ¿En cuál de los siguientes casos los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho?:

- a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Los que sean constitutivos de infracciones administrativas.
- c) Los que aún siendo contrarios al ordenamiento jurídico, producen efectos positivos esenciales para el administrado.
- d) Los que se dicten al amparo del procedimiento legalmente establecido.
- 4. La iniciación de un procedimiento a solicitud del interesado, regulada en el artículo 66 de la *Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, establece que dichas solicitudes deberán contener:
- a) Nombre y apellidos del interesado y/o representante.
- b) Lugar, fecha y firma del solicitante o acreditación de la autenticidad de su voluntad expresada por cualquier medio.
- c) Órgano, centro o unidad administrativa a la que se dirige y su correspondiente código de identificación.
- d) Todas las respuestas son correctas.

### 5. Indicar cuál de las siguientes causas NO SUPONEN la finalización del procedimiento administrativo:

- a) La imposición de la sanción que proceda en los procedimientos sancionadores.
- b) El desestimiento o la renuncia.
